

co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

**Artigo 5. Autorización para amplia-los créditos extraordinarios.**

Os créditos extraordinarios ós que se refiren os artigos anteriores consígnanse con carácter de ampliáveis coa finalidade de atende-los xuros que se produzan como consecuencia do momento en que se efectúe o pagamento. A autorización das ampliacións de crédito corresponderalle ó ministro de Facenda.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**ANEXO**

**Servicio 01: Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
	<b>Programa 611.A: «Dirección e Servicios Xerais de Economía e Facenda»</b>	
	<i>Artigo 22. Material, subministracións e outros</i>	
Concepto 229.	Para atende-lo pagamento de custas derivadas de diversas sentencias xudiciais.	
	00 Recursos contencioso-administrativos 3/4450, 3/434/92, 3/2329/92 902/94 relativos a diversas sentencias da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo .....	3.241.683
	01 Recurso 01/178/92, relativo á sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana do 29 de novembro de 1991 .....	174.000
	02 Recurso 56/90, relativo ás sentencias dictadas polo Xulgado de Primeira Instancia número 5 de Córdoba .....	9.456.102
	03 Recurso 87/92, correspóndese coa sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía do 20 de maio de 1993 .....	94.182
	<i>Artigo 35. Xuros de demora e outros gastos financeiros</i>	
Concepto 353.	Xuros de demora derivados da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 5 de novembro de 1998 .....	34.186.965
	<b>Total Servicio 01: Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais .....</b>	<b>47.152.932</b>

**23664** LEI 9/2000, do 22 de decembro, pola que se concede un crédito extraordinario por importe de 46.624.357.971 pesetas, para a atención dos gastos derivados da execución da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo. («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, foi o instrumento a través do cal o Estado e, con el, toda a sociedade española quixeron render testemuño de honor e recoñecemento a cantos sufriron a violencia terrorista.

Unha das manifestacións que a norma legal citada amosa como homenaxe ás vítimas do terrorismo é facer efectivo o seu dereito a seren resarcidos ou indemnizados sobre a base da responsabilidade civil existente, razón pola cal o Estado decidiu asumilo pagamento das indemnizacións que lles son debidas polos autores e demais responsables dos actos terroristas.

Trátase, pois, dunha simple compensación material dirixida a un colectivo ó que o sacrificio xamais lle poderá ser plenamente compensado, pero que representa, polo menos, un recoñecemento expreso e público a uns valores democráticos duramente defendidos, demostrados e consolidados.

O obxectivo perseguido por esta norma é, polo tanto, acelerar, na medida do posible, a acción reparadora que os poderes públicos voluntariamente asumiron, empregando para isto os mecanismos legalmente previstos, pois trátase dunhas obrigas de cumprimento inaprazable e para as cales non existe ningunha dotación orzamentaria. Así, o artigo 64 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, prevé nestes casos que o ministro de Facenda, logo do informe da Dirección

Xeral de Orzamentos e dictame do Consello de Estado, poida eleva-lo acordo do Goberno a remisión dun proxecto de lei ás Cortes Xerais de concesión dun crédito extraordinario.

Ademais, neste suposto encontrámonos non só cunha opción, senón co cumprimento dun mandato legal, pois a disposición derradeira segunda da Lei 32/1999 impón ó Goberno a elevación ás Cortes Xerais, no prazo máis breve posible, dun proxecto de lei de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos derivados das indemnizacións aducidas. Desta maneira, o lexislador quixo asegurarse de que as obrigas asumidas van ser satisfeitas coa présa debida.

Así, o Goberno aprobou un proxecto de lei que foi remitido ás Cortes Xerais para a súa tramitación e aprobación.

Non obstante, a disolución das Cortes Xerais polo Real decreto 64/2000, do 17 de xaneiro, sen que rematase a tramitación do citado proxecto de lei, determinou a súa caducidade.

En canto ó seu contido, a presente norma limítase ó previsto na lexislación orzamentaria e na lei da que trae causa. Así, concédese un crédito extraordinario ó vixente orzamento de gastos do Ministerio do Interior, como departamento competente para xestionar e concede-las indemnizacións descritas. Por outra parte, prevése que o ministro de Facenda poida amplia-lo citado crédito extraordinario ante as dificultades para cuantificar-los gastos totais, debido á indeterminación apriorística do número total de beneficiarios, e establécese que o citado crédito extraordinario se financiará con débeda pública. Finalmente, prevé a incorporación dos remanentes do crédito ó exercicio inmediato seguinte.

#### Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Un. Para atende-las obrigas derivadas da execución da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, concédese un crédito extraordinario, dotado con 46.624.357.971 pesetas, no vixente orzamento de gastos do Estado, sección 16 «Ministerio

do Interior», servicio 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 221A «Dirección e Servizos Xerais de Seguridade e Protección Civil», concepto 480.01 «Indemnizacións e compensacións derivadas da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo».

Dous. Os remanentes do citado crédito incorporáranse ó exercicio inmediato seguinte por acordo do ministro de Facenda.

#### Artigo 2. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario previsto no artigo anterior declárase ampliable na medida que resulte insuficiente para atende-las obrigas que deban satisfacerse con cargo a el; para estes efectos o ministro de Facenda autorizará a correspondente modificación orzamentaria.

#### Artigo 3. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo 1 financiarase con débeda pública de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## ANEXO I

### Cálculo económico vítimas do terrorismo

#### 1. *Falecementos*

Indemnización fixada na lei .....	23.000.000 de pesetas
1.1 Total falecidos con sentenza .....	500 persoas
Cantidade que se pagará por sentencias actualizadas superiores a 23.000.000 .....	8.610.360.000 pesetas
Cantidade que se pagará por sentencias actualizadas inferiores a 23.000.000 .....	5.175.360.000 pesetas
Total que se pagará por falecidos con sentenza .....	13.785.360.000 pesetas
1.2 Número estimado de falecementos restantes para efectos lei .....	500 persoas
Cantidade estimada que se pagará por falecementos restantes (por 23.000.000) .....	11.500.000.000 de pesetas
Total que se pagará por falecementos .....	25.285.360.000 pesetas

#### 2. *Gran invalidez e incapacidades nos seus distintos graos*

##### 2.1 Lesións e secuelas con sentenza:

Total lesións e secuelas con sentenza .....	589 persoas
Media lesións e secuelas con sentenza .....	8.837.281 pesetas
Total que se pagará por lesións e secuelas con sentenza .....	5.205.158.295 pesetas

## 2.2 Estimación de lesións e secuelas sen sentenza:

\* Número de afectados (sobre a base de 69 feridos con lesións invalidantes que perciben pensión do Ministerio do Interior.)

## Cálculo de porcentaxes:

Porcentaxe con gran invalidez .....	11 persoas	16 %
Porcentaxe con incapacidade permanente absoluta .....	31 persoas	45 %
Porcentaxe con incapacidade permanente total .....	14 persoas	20 %
Porcentaxe con incapacidade permanente parcial .....	13 persoas	19 %

\* Estimacións ..... 500 persoas

## Distribución:

Porcentaxe estimativa con gran invalidez (16 %) .....	80 persoas
Porcentaxe estimativa con incapacidade permanente absoluta (45 %) .....	225 persoas
Porcentaxe estimativa con incapacidade permanente total (20 %) .....	101 persoas
Porcentaxe estimativa con incapacidade permanente parcial (19 %) .....	94 persoas

Total que se pagará aplicando a media (8.837.281 pesetas) obtida en sentenza ..... 4.418.640.318 pesetas

\* Total que se pagará según baremo

Por gran invalidez (65.000.000 de pesetas) .....	5.200.000.000 de pesetas
Por incapacidade permanente absoluta (16.000.000 de pesetas) .....	3.600.000.000 de pesetas
Por incapacidade permanente total (8.000.000 de pesetas) .....	808.000.000 de pesetas
Por incapacidade permanente parcial (6.000.000 de pesetas) .....	564.000.000 de pesetas

Total que se pagará ..... 10.172.000.000 de pesetas

Total que se pagará por gran invalidez e incapacidades nos seus distintos graos ..... 15.377.158.295 pesetas

## 3. Lesións non invalidantes

## 3.1 Lesións con sentenza:

Total lesións con sentenza .....	768 persoas
Media lesións con sentenza .....	559.951 pesetas
Total que se pagará por lesións con sentenza .....	430.042.148 pesetas

## 3.2 Estimacións de novos lesionados:

Cifra adicional estimativa de novos lesionados para efectos da lei .....	700 persoas
Total que se pagará aplicando a media (559.951 pesetas) obtida en sentenza .....	391.965.490 pesetas

Total que se pagará aplicando unha media (2.000.000 de pesetas) dos baremos de lesións de RC. .... 1.400.000.000 de pesetas

Total lesións non invalidantes ..... 1.830.042.138 pesetas

## 4. Secuestros

Total secuestrados ..... 77 persoas

Cantidade que se vai pagar: 6.000.000 de pesetas.

Total secuestros ..... 462.000.000 de pesetas

## 5. Equiparación indemnizacións en sentenza ata baremo

Total que se pagará ..... 3.669.797.538 pesetas

## Resumo

	Pesetas
Falecementos .....	25.285.360.000
Lesións con secuelas invalidantes .....	15.377.158.295
Lesións non invalidantes .....	1.830.042.138
Total a pagar por secuestros .....	462.000.000
Equiparación indemnizacións en sentenza ata baremo lei .....	3.669.797.538
Cifra total que se pagará .....	46.624.357.971

## ANEXO II

## Baremo da Lei de solidariedade

	Millóns de pesetas
1. Indemnización por falecemento .....	23
2. Indemnización por gran invalidez .....	65
3. Indemnización por incapacidade permanente absoluta .....	16
4. Indemnización por incapacidade permanente total .....	8
5. Indemnización por incapacidade permanente parcial .....	6
6. Indemnización por lesións permanentes non invalidantes: As establecidas no baremo de lesións permanentes non invalidantes pola Lei de responsabilidade civil e seguro do automóbil.	
7. Indemnización por secuestro .....	6

## MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**23671** *REAL DECRETO 3456/2000, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións para o acceso ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes.* («BOE» 307, do 23-12-2000.)

A liberalización dos mercados constitúe unha peza chave da política económica desenvolvida polo Goberno que se fixo patente, de maneira particular, no sector das telecomunicacións, por canto este sector se constitúe como elemento dinamizador e de mellora da competitividade dos restantes sectores da economía.

A introducción progresiva e decidida da competencia no sector das telecomunicacións en España, en tódolos seus ámbitos, está a proporcionar resultados tanxibles moi positivos, que se traduciron principalmente nunha maior diversidade de ofertas de servicios de telecomunicacións para empresas e usuarios residenciais a prezos atractivos.

Para atinxir unha situación de maior competencia resulta imprescindible que exista simultaneamente unha maior apertura en tódolos elementos que compoñen a cadea de provisión de servicios de telecomunicacións. A presenza de segmentos na dita cadea nos que non existen posibilidades de escolla, ou estas se presentan de modo limitado, ocasiona que non exista un dinamismo de mercado en igual medida que nos segmentos onde si existe competencia efectiva, diminuíndo os estímulo para a adopción dos avances tecnolóxicos.

O acceso por operadores autorizados ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes permitirá a prestación máis competitiva de servicios de telecomunicacións de alta velocidade e propiciará que a innovación tecnolóxica se estenda de maneira máis rápida.

Neste senso, o artigo 2 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, dispón que o Goberno, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, establecerá as condicións para que, a partir de xaneiro do

ano 2001, os operadores dominantes de redes públicas telefónicas fixas faciliten o acceso desagregado e o acceso compartido ó bucle de abonado.

No citado artigo establécese así mesmo que a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos establecerá, por proposta conxunta dos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, os prezos da primeira oferta de referencia dos operadores a que se refire o parágrafo anterior, correspondentes a ámbalas modalidades de acceso ó bucle de abonado.

Ademais, a apertura do acceso completamente desagregado e compartido ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes, fai conveniente a adaptación das condicións de provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado reguladas pola Orde do 26 de marzo de 1999 pola que se establecen as condicións para a provisión do acceso indirecto ó bucle de abonado da rede pública de telefonía fixa.

Pola súa parte, o Consello Europeo, nas conclusións da súa sesión especial celebrada en Lisboa nos días 23 e 24 de marzo de 2000, solicitou ós Estados membros que, xunto coa Comisión, fagan o necesario para introducir unha maior competencia nas redes locais de acceso antes de finais de 2000, e desagreguen os bucles locais co obxecto de obter unha redución substancial nos custos polo uso da Internet.

No «Diario Oficial das Comunidades Europeas», do 29 de xuño de 2000, publicouse a Recomendación da Comisión Europea, do 25 de maio de 2000, sobre o acceso desagregado ó bucle local: prestación competitiva dunha ampla gama de servicios de comunicacións electrónicas, incluídos os multimedios de banda ampla e os servicios da Internet de alta velocidade. Neste texto, a Comisión Europea recomenda ós Estados membros adoptaren as medidas reguladoras necesarias para obrigalos operadores dominantes a forneceren, para o 31 de decembro de 2000, un acceso desagregado completo ó bucle local de cobre, en condicións transparentes, xustas e non discriminatorias.

Esta recomendación considera operadores dominantes os operadores designados con peso significativo de mercado, de acordo co establecido na Directiva 98/10/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro, sobre a aplicación da Oferta de Rede Aberta (ONP) á telefonía vocal e sobre o servicio universal de telecomunicacións nun contorno competitivo; a Directiva 97/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño, relativa á interconexión nas telecomunicacións no que respecta a garanti-lo servicio universal e a interoperabilidade mediante a aplicación dos principios da Oferta de Rede Aberta (ONP), e a Directiva 92/44/CEE do Consello, do 5 de xuño, relativa á aplicación da Oferta de Rede Aberta ás liñas arrendadas.

A citada recomendación expón que a provisión do acceso completamente desagregado ó bucle de abonado se entende sen prexuízo de os operadores dominantes estaren obrigados a satisfacer outras formas de acceso, incluíndo o acceso compartido ó bucle de abonado, de acordo co establecido no número 2 do artigo 4 da Directiva 97/33/CE e o artigo 16 da Directiva 98/10/CE, e que estes operadores deberán observa-lo principio de non discriminación cando utilicen a rede pública telefónica fixa para prestaren servicios de alta velocidade a terceiros, aplicando as mesmas condicións que ós seus propios servicios, consonte o número 7 do artigo 16 da Directiva 98/10/CE.

Os criterios establecidos nas citadas disposicións comunitarias incorporáronse ó ordenamento xurídico español mediante a Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e normas de desenvolvemento.